



## Resolución da Alcaldía-Presidencia

**Asunto.-** Modificación vía revogación parcial das bases de selección aprobadas e publicadas polo concello de Miño para o nomeamento do persoal directivo, docente e administrativo, para o desenvolvemento do Obradoiro dual de Emprego denominado “ARTABROEMPRENDE IV”.

**Expediente núm.:** 2023/E001/000019

Logo de ver que esta Alcaldía-Presidencia aprobou o pasado 27.10.2023 por Resolución núm. 1037/2023 as bases reguladoras que rexerán a selección polo concello de Miño do persoal directivo e docente que deberá encargarse do desenvolvemento do proxecto Obradoiro dual de emprego denominado “Artabroembrende IV” 2023-2024, promovido por este concello xunto cos concellos de Pontedeume e Cabanas.

Logo de ver que o concello de Miño leva máis de 10 anos desenvolvendo este tipo de programas de emprego mediante axudas concedidas pola Xunta de Galicia.

Logo de ver que en cada un destes procedementos o concello levou a cabo a selección do persoal directivo e do persoal de formación encadrándoos sempre nunha categoría laboral equiparable ao grupo A de funcionarios, conforme á esixencia mínima de titulación para o acceso (sen diferenciar subgrupos), pero con diferencias retributivas en atención ás responsabilidades de cada posto.

Logo de ver, que para a actual convocatoria, o concello, en atención a recente entrada en vigor do I Convenio Colectivo do persoal laboral do concello de Miño (01.01.2023), e a sinxela regulación recollida para remunerar ao persoal laboral temporal, equiparou ao persoal directivo do programa de emprego a un subgrupo A1 de funcionarios, mantendo tan só a persoal encargado da formación coa antiga equiparación a un subgrupo A2, coa finalidade de lograr unha axeitada remuneración ás tarefas a desenvolver por cada categoría profesional.

Logo de ver, que trala publicación das bases, a concellería delegada responsable do expediente recibiu varias queixas telefónicas respecto da equiparación profesional do posto de director exclusivamente a un subgrupo A1 por consideralo totalmente contrario aos intereses dos futuros candidatos (minoración das posibilidades de acceso por excluír do acceso ás titulacións de diplomado e equivalente).

Logo de ver, que non é contrario aos intereses xerais (senón todo o contrario), axeitar a titulación mínima a esixir aos futuros traballadores segundo a normativa autonómica que regula este tipo de Obradoiros ás categorías do I Convenio Colectivo laboral do persoal laboral do concello de Miño.

Logo de ver que a convocatoria e as bases xa foron obxecto de aprobación e publicación (BOP núm. 208 do 31.10.2023), polo que unha modificación das mesmas coa finalidade de darlle cobertura ás queixas presentadas esixen en todo caso o axeitado cumprimento do establecido no artigo 15 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (de aplicación supletoria á Administración Local) co fin último de respectar en todo caso as expectativas de dereito que o acto poda ter creado nos aspirantes:

*“5. Las convocatorias o sus bases, una vez publicadas, solamente podrán ser modificadas con sujeción*

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da

Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



*estricta a las normas de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.*

Considerando que na LPAC do 2015 non se recolle a posibilidade de “modificar” os actos administrativos, polo que a estrita suxección as súas normas, tal e como prescribe o transcrito artigo, esixe acudir aos supostos de revisión de oficio regulados nos artigos 106 a 111 para obter esta finalidade, en concreto e para o caso que nos ocupa, esta Alcaldía entende que o concello poderá revogar parcialmente (por motivos de oportunidade que non de legalidade) o acto administrativo aprobado (bases de selección) de conformidade co establecido no artigo 109.1 da LPAC, e suprimir así a través desta vía a esixencia mínima de grado ou licenciatura para o desenvolvemento do posto de director, en atención a que o mesmo se configura claramente como un acto desfavorable para os seus destinatarios e a que tal revogación non constitúe en ningún caso dispensa ou exención non permitida polas leis, nin resulta contraria ao principio de igualdade, ao interese público nin ao ordenamento xurídico, condicionamentos esixidos en todo caso polo sinalado precepto.

En definitiva, conforme a todos os antecedentes e fundamentos expostos, e en atención en todo caso á defensa do interese xeral que debe primar en todo procedemento administrativo, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente,

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía revogación parcial do contido das bases que rexen a convocatoria aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 1037/2023 do 27.10.2023 para a selección do persoal directivo e docente do proxecto de Obradoiro Dual de Emprego denominado “Artabroemprende IV”, promovido polos concellos de Miño, Pontedeume e Cabanas, publicadas o pasado 31.10.2023 no BOP núm. 208 nos seguintes termos e resultando a seguinte redacción definitiva:

#### **- Modificación do apartado 7.2. - Especificacións:**

##### **A.- Proceso selectivo dun/dunha director/a:**

#### **- Modalidade, período da contratación e retribucións:**

- As retribucións a percibir polas persoas contratadas serán as correspondentes ao I convenio colectivo do concello de Miño, con arranxo á seguinte equivalencia:
  - Retribucións básicas: Subgrupo A1/A2 (segundo a titulación esixida para cada subgrupo)
  - Retribucións complementaria: Subgrupo A1

#### **- Modificación do apartado 7.2. - Especificacións:**

##### **A.- Proceso selectivo dun/dunha director/a:**

#### **- Requisitos específicos**

- **Titulación:** Titulación universitaria de grao, licenciatura, enxeñeira técnica, diplomatura ou equivalentes.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



**- Modificación do apartado 7.2. - Especificacións:**

**a) Titulacións complementarias (ata 8 puntos)**

1. Por cada enxeñeira técnica ou diplomatura distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coa especialidade a impartir: 5,00 puntos.
2. Por cada licenciatura ou grao distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coa especialidade a impartir: 7,00 puntos.
3. Por cada Master oficial sempre que complemente ou estea relacionada coa especialidade a impartir por quen resulte seleccionado: 8,00 puntos.

**Segundo.-** Modificar o Anexo I das bases reguladoras que rexen a convocatoria aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 1037/2023 do 27.10.2023 para a selección do persoal directivo e docente do proxecto de Obradoiro Dual de Emprego denominado “Artabroemprende IV”, resultando un novo Anexo I.A para o persoal directivo (acompañase á presente Resolución o novo modelo).

**Terceiro.-** Publicar un extracto da parte dispositiva do presente acordo no BOP, e integramente, xunto coas bases modificadas e o novo Anexo I.A., no taboleiro de edictos do concello e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do concello de Miño, así como nos taboleiros e webs dos concellos de Pontedeume e Cabanas.

**Cuarto.-** Ampliar, en atención á modificación dos requisitos de acceso e conforme ao recollido no artigo 32 da LPAC, o prazo para a presentación de instancias en TRES (3) días hábiles máis exclusivamente para o posto de Director/a, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Os candidatos que no prazo inicial xa teñan presentada a súa instancia para o posto de director deberán presentar novamente a mesma no novo modelo Anexo I.A. acompañado do Anexo II para dar axeitado cumprimento as termos da modificación das bases.

En Miño, na data da sinatura dixital.

O Alcade-Presidente,

Manuel Vázquez Faraldo